



XUSTIFICACIÓN DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN

SUXEITO A REGULACIÓN HARMONIZADA. PROCEDIMENTO ABERTO

CONCESIÓN: CONSTRUCCIÓN E EXPLOTACIÓN DUN ÁREA DE SERVIZO Á ALTURA DO PQ 80 DA AUTOESTRADA AG-53. ALTO DE SANTO DOMINGO – A-52, NA SÚA MARXE ESQUERDA, CON ACCESO DENDE AS DÚAS MARXES. TÉRMO MUNICIPAL DE MASIDE. PROVINCIA DE OURENSE – CONC200101

O presente informe emítase de acordo co disposto nos artigos 28 e 116 da Lei 9/2017, de contratos do Sector Público (LCSP).

Obxecto e necesidade do contrato.

A Sociedade Pública de Investimentos de Galicia, S.A. (SPI Galicia) é unha Sociedade Anónima Unipersonal adscrita á Consellería de Infraestruturas e Mobilidade da Xunta de Galicia. Forman parte do seu obxecto social a realización das actividades de conservación e explotación do tramo Alto de Santo Domingo - A-52 (AG-53 e AG-54) da autoestrada Santiago de Compostela - Ourense, entre as que se inclúen as actividades dirixidas á explotación das áreas de servizo, centros de transporte e aparcadoiros, e calquera outra actividade directa ou indirectamente relacionada coa súa conservación e explotación, sempre que se atopen dentro da área de influencia do mencionado tramo, así como as actividades que sexan complementarias da construción, conservación e explotación desta.

No Decreto 432/2003 da Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Vivenda da Xunta de Galicia, establécese a construción dun área de servizo á altura do pk 80+465, con acceso directo en sentido Santiago e conexión mediante un paso a distinto nivel en sentido Ourense. No proxecto construtivo da propia autoestrada incluíuse a expropiación e ocupación dos terreos necesarios para esta área de servizo.

Necesidade da contratación. Insuficiencia de Medios

SPI Galicia redactou un anteproxecto de obra e explotación “Instalacións de subministro e servizos entre os ppq 80+250 e 80+750 da AG-53 (ME) – Área de servizo”, o cal foi sometido a información pública e aprobado definitivamente mediante resolución da Axencia Galega de Infraestruturas de 16 de outubro de 2020.

A presente contratación ten por obxecto a execución dos traballos de construción e explotación en réxime de concesión, da área de servizo a implantar á altura do pq 80,5 da AG-53.

Os traballos a realizar se resumen nos seguintes puntos:

- Redacción dos proxectos de urbanización, edificación e instalacións, para a súa aprobación por SPI Galicia e a Axencia Galega de Infraestruturas, ademais de outras aprobacións sectoriais que resulten preceptivas.
- Tramitación de licencias para a construción de tódalas instalacións da área de servizo.
- Construción da área de servizo, incluíndo accesos, urbanización, edificacións e instalacións industriais.
- Explotación e conservación de toda a superficie e instalacións construídas na área de servizo, con atención ao público para subministración de combustibles e venda de produtos en tanga e cafetería, ademais de calquera outra actividade compatible coa lexislación vixente.

SPI Galicia non dispón dos medios nin do persoal necesarios para a realización das obras nin para a prestación do servizo na fase de explotación das mesmas, polo que é necesario realizar un contrato de concesión de obra pública para realizar a construción e a explotación desta área de servizo.

Duración e orzamento do contrato

Segundo o anteproxecto que servirá de base para esta licitación, o importe de inversión ascende a 2.497.695,11 € (IVE non incluído), e a cifra de negocio durante o prazo establecido para o contrato de concesións ascende a 360.127.376,00 € (IVE non incluído).

De acordo con indicado no anteproxecto, como resultado do estudo económico-financieiro nel incluído, a duración do contrato de concesións establécese en 35 anos.



XUSTIFICACIÓN DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN

SUXEITO A REGULACIÓN HARMONIZADA. PROCEDIMENTO ABERTO

CONCESIÓN: CONSTRUCCIÓN E EXPLOTACIÓN DUN ÁREA DE SERVIZO Á ALTURA DO PQ 80 DA AUTOESTRADA AG-53. ALTO DE SANTO DOMINGO – A-52, NA SÚA MARXE ESQUERDA, CON ACCESO DENDE AS DÚAS MARXES. TÉRMO MUNICIPAL DE MASIDE. PROVINCIA DE OURENSE – CONC200101

Procedemento de contratación

Tendo en conta o importe de licitación deberá empregarse o procedemento aberto suxeito a regulación harmonizada.

Criterios de adxudicación

De acordo co establecido nos artigos 131 e 145 da LCSP, a adxudicación realizarase ordinariamente utilizando unha pluralidade de criterios baseados no principio da mellor relación calidade-prezo, que se detallan a continuación:

Criterios de valoración non cuantificables mediante a mera aplicación de fórmulas e que dependan dun xuízo de valor (subxectivos)

Proxecto(s) de construción/instalacións. Valorarase o detalle e precisión do(s) proxecto(s) presentados, incluíndo obra civil, edificación e instalacións, en particular da calidade do proxecto e instalacións, e das súas condicións de explotación, dende o punto de vista funcional e de adaptación as circunstancias locais e sociais.

Terase en conta a oferta de servizos ós usuarios. A falla dalgún dos servizos básicos penalizará a proposta, sen menoscabo de que o mesmo deberá ser realizado no caso de resultar adxudicatario do contrato. A oferta adicional e opcional de outros servizos ou o incremento da cantidade ou calidade dos mínimos establecidos suporán unha valoración adicional da oferta, sen que en ningún caso este apartado poda superar a puntuación máxima fixada.

Tarifas e servizos. A puntuación deste apartado terá en conta os compromisos sobre as tarifas dos produtos e servizos máis habituais (como mínimo os indicados en anexo a este prego).

Dentro deste apartado valorarase tamén o incremento de servizos e produtos dispoñíbeis na área de servizo, así como o emprego dos produtos ou técnicas mais ecolóxicas.

Plan de execución das obras. Valoraranse as características do programa de obras e de execución destas, coas datas de inicio e remate daquelas e de posta en servizo das instalacións. Terase en conta o adiamento na data de posta en servizo prevista, sempre que a previsión se xustifique adecuadamente.

Actuacións medioambientais. Valorarase a proposta de medidas de xestión ambiental que se terán en conta durante a concesión obxecto do contrato, con inclusión dos procedementos de certificación ambiental a aplicar durante a mesma. Especialmente valorarase a identificación de procesos que poden xerar impactos, así como das súas medidas correctoras ou compensatorias.

Calidade e Control das obras. Valorarase tanto a calidade a obter como os controis de calidade que o licitador propoña durante execución do contrato, tanto na fase de construción como na de explotación, con inclusión dos procedementos de certificación de calidade a aplicar durante a mesma

Medidas para o impulso demográfico. O licitador presentará unha memoria onde se recollan todas as medidas en materia de conciliación da vida persoal, familiar e laboral así como en materia de corresponsabilidade que serán aplicables para o persoal que interveña na execución do contrato.

A dita memoria recollerá as medidas específicas para o desenvolvemento das prestacións obxecto do contrato que se articularán en torno aos seguintes eixos: Medidas de flexibilidade espacial; Medidas de flexibilidade temporal; Melloras dos permisos legalmente establecidos; Beneficios sociais para a atención das responsabilidades familiares

Criterios de valoración automática mediante a aplicación de fórmulas (obxectivos)

Canon de explotación. A cantidade anual que se compromete a boar á SPI Galicia o licitador en concepto de canon, que será como mínimo a indicada na folla de especificacións. Outorgarase a máxima puntuación á proposta que



XUSTIFICACIÓN DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN

SUXEITO A REGULACIÓN HARMONIZADA. PROCEDIMENTO ABERTO

CONCESIÓN: CONSTRUCCIÓN E EXPLOTACIÓN DUN ÁREA DE SERVIZO Á ALTURA DO PQ 80 DA AUTOESTRADA AG-53. ALTO DE SANTO DOMINGO – A-52, NA SÚA MARXE ESQUERDA, CON ACCESO DENDE AS DÚAS MARXES. TERMO MUNICIPAL DE MASIDE. PROVINCIA DE OURENSE – CONC200101

oferte o canon anual máis alto e cero puntos ás propostas dun canon inferior ou igual ao 50% do máis alto, valorándose proporcionalmente de forma lineal as comprendidas entre ambas.

Responsabilidade patrimonial da Sociedade Pública de Investimentos de Galicia, SA. Porcentaxe de redución da responsabilidade patrimonial de SPI Galicia respecto da máxima establecida no prego de condicións. Outorgarase a puntuación máxima ás ofertas que propoñan unha maior redución na cantidade límite establecida no prego de condicións como responsabilidade patrimonial de SPI Galicia e cero puntos ás propostas que non oferten redución, valorándose proporcionalmente de forma lineal as comprendidas entre ambas. No caso de que a proposta de calquera licitante conteña una redución da responsabilidade patrimonial superior ao 50%, e ademais a dita redución sexa igual ou superior á media das reducións realizadas polos restantes licitantes máis un 25%, a dita redución será valorada con cero puntos, sen que por elo se descarte a oferta nin se deixe de aplicar a redución ofertada no contrato a asinar, no caso de resultar adxudicatario ese licitante.

Horas diarias de atención ó público na repostaxe. O horario mínimo de atención ó público na repostaxe é de 16 horas diarias (entre as 7 e as 23 horas). Outorgarase a puntuación máxima ás ofertas que amplíen o horario de subministración de combustible ás 24 horas, e cero puntos ás ofertas que propoñan o número mínimo de horas, valorándose proporcionalmente de forma lineal as comprendidas entre ambas. *A ampliación do horario sobre o mínimo poderá ser con servizo automático.*

Horas diarias de atención ó público na cafetería. O horario mínimo de atención ó público na cafetería é de 16 horas diarias (entre as 7 e as 23 horas). Outorgarase a puntuación máxima ás ofertas que amplíen o horario de apertura da cafeterías ás 24 horas, e cero puntos ás ofertas que propoñan o número mínimo de horas de atención ó público, valorándose proporcionalmente de forma lineal as comprendidas entre ambas

División en lotes.

En base ó disposto no artigo 99.3 de la LCSP, considérase que este contrato non é divisible en lotes.

Asinado electronicamente,

Enrique Couselo Pan

Director de Explotación AG-53 & AG-54

Angela Bouzada Valverde

Adx. Xefe. Área Administración e Finanzas